



## **DESTINATARIO**

MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ

JUAN CASTRO MOSQUERA, 28 - 2º D, 15005 A Coruña

*En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, a efectos do disposto no art. 40.1 da Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, poño no seu coñecemento o alcalde ditou a seguinte,*

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Con data 20 de setembro de 2016 (registro nº 5933), e ao abeiro da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ten entrada neste Concello escrito de reclamación firmado por Miguel Angel Delgado González (DNI 32.413.124-Y) en calidade de presidente da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMPEGA), que se centra fundamentalmente en solicitar deste Concello o BOP no que se publican as bases para o proceso de selección dun arquitecto técnico no ano 1993 e a resolución na que resultou seleccionada Manuela Cajide Seijas, poñendo en dúbida, entre outras cuestións, a súa capacidade legal para formar parte da mesa de contratación municipal, de tribunais cualificadores de probas para a selección de persoal ou de informar licenzas urbanísticas, pola súa condición de empregada pública na modalidade de persoal laboral. Asemade se afirma en dito escrito de reclamación que o Tribunal de Contas de Galicia recoñece ao Concello da Laracha como un dos poucos e escasos que quedan en Galicia sen presentar as súas contas a fiscalización.

Pois ben, en contestación ao afirmado polo asinante do citado escrito de reclamación cabe dicir o seguinte:

- En relación a que a arquitecta técnica municipal, Manuela Cajide Seijas, poda ser vogal da Mesa de Contratación municipal, cabe dicir que a Disposición Adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público





(TRLCSF) afirma que *“10. La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.”*

- En relación a que a arquitecta técnica municipal, Manuela Cajide Seijas, poda ser membro de tribunais cualificadores de probas para a selección de persoal, cabe destacar que o artigo 59.2 b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia sinala que *“En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección: a) El personal de elección o de designación política. b) El personal funcionario interino o laboral temporal. c) El personal eventual d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.”* Circunstancias, todas elas, que non concorren na citada persoa posto que á súa relación é laboral fixa ou indefinida nos termos do artigo 177 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

- En relación a que a arquitecta técnica municipal, Manuela Cajide Seijas, poda informar licencias urbanísticas, a inspección urbanística e a súa actas e informes compre sinalar que o art. 143.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia afirma que *“la competencia para otorgar las licencias corresponde a los municipios, según el procedimiento previsto en la legislación de régimen local. Las peticiones de licencia se resolverán en el plazo de tres meses, a contar desde la presentación de la solicitud con la documentación completa en el registro del ayuntamiento. Para el otorgamiento de la licencia solicitada serán preceptivos los informes técnicos y jurídicos municipales sobre su conformidad con la legalidad urbanística.”*, polo que a súa condición de





persoal laboral fixo non lle impide informar ditas licencias.

Visto canto antecede e ao abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais de pertinente aplicación **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Conceder o acceso á información pública solicitada a PLADESEMÁPESGA achegándolle os seguintes documentos:

- BOE do 6 de maio de 1993 relativo á Oferta de Emprego Público do concello da Laracha para o ano 1993.
- BOE do 29 de setembro de 1993 relativo á convocatoria para prover unha praza de arquitecto técnico neste Concello, BOP da Coruña de 29 de xullo de 1993 e DOG de 4 de agosto de 1993 no que se publican as bases que rexerán a contratación laboral indefinida dun posto de traballo de arquitecto técnico.
- Acta do tribunal do proceso de selección da praza de arquitecto técnico.
- Copia do contrato asinado por este Concello con Manuela Cajide Seijas.
- Resolución da alcaldía de 12 de xaneiro de 2010 na que se realiza a adscrición do persoal funcionario de carreira e laboral fixo do Concello aos postos de traballo incluídos na RPT do Concello da Laracha aprobada definitivamente en sesión plenaria de 25 de novembro de 2009, na que se adscribe a Manuela Cajide Seijas (DNI 32419505-Q) ao Departamento de Urbanismo, Obras e Servizos Básicos coa denominación de Arquitecto Técnico Coordinador.
- Escrito do Consello de Contas de Galicia xustificativo do envío da rendición da Conta Xeral do exercicio 2015.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución ao interesado con indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpor recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo (artigos 8 e 46 da *Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso administrativo*), sen prexuízo da posibilidade de interpor a reclamación





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno no prazo de un mes contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo ante a Comisión da Transparencia de Galicia.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario acctal, Juan Carlos Antelo Martínez, dou fe.

*O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos*

*A Laracha, venres 10 de febreiro de 2017*

*O secretario accidental*

*Juan Carlos Antelo Martínez*

